



Concello de Arbo

BASES PARA A CONTRATACION DE PERSOAL PARA A ACTUACIÓN DENOMINADA: SERVIZO DE REPARACIÓN, LIMPEZA E ADECENTAMENTO DE LUGARES PÚBLICOS E COLABORACIÓN NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE ARBO, INCLUÍDA DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL 2023 (APROL RURAL).

Primeira.- Obxecto:

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de dous traballadores/as na actuación denominada SERVIZO DE REPARACIÓN, LIMPEZA E ADECENTAMENTO DE LUGARES PÚBLICOS E COLABORACIÓN NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE ARBO, incluída dentro do Programa de Subvencións para o fomento do emprego no medio Rural APROL Rural 2023, encadrado no marco das políticas activas de emprego que buscan incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, e para os postos seguintes:

(1) OFICIAL CONDUTOR

(1) PEÓN

Segunda.- Características da relación laboral:

O contrato da actuación terá unha duración de 9 meses, cunha xornada diaria a tempo completo (100%), baixo a modalidade contractual de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro. As retribucións brutas totais mensuais do /a traballador/a, son as establecidas segundo a publicación oficial do convenio colectivo que resulta de aplicación, correspondéndolles:

OFICIAL CONDUTOR: 1.783,71€ brutos mensuais

PEÓN: 1.559,85€ brutos mensuais.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes:





Concello de Arbo

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

1.Requisitos específicos:

OFICIAL CONDUTOR: Estar en posesión do carné de conducir tipo C e CAP.

PEÓN: Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato

2.Requisitos xerais:

a) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d) Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, acorde co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

f) De acordo coa da Orde do 9 de xaneiro de 2023 (D.O.G núm. 22 do 1 de febreiro de 2023) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023, os traballadores/as que fosen contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas do emprego, para a contratación de persoas traballadoras





Concello de Arbo

desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.

g) De acordo co Artigo 14, da Orde do 9 de xaneiro de 2023, terán preferencia para a contratación, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen experiencia profesional.
- 3) Persoas paradas de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans
- 8) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España .

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate, o/a cónxuxe, parella que leve convivindo máis de 5 anos, fillos e fillas menores de vinte e seis anos, ou fillos maiores con discapacidade, ou menores en acollemento, que non perciban ningún tipo de ingreso.

Tódolos requisitos anteriormente citados deberán posuírse tanto no momento da selección coma no da formalización do de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”.

Cuarta.- Procedemento de selección:

De conformidade co artigo 14.9º da Orde do 9 de xaneiro de 2023 (D.O.G núm. 22 do 1 de febreiro de 2023), ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no





Concello de Arbo

proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nas correspondentes plantillas ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

En base a elo, configúrase un proceso de selección bifásico:

a) Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos conforme o disposto no artigo 14.5º da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as na notificación do Servizo Público de Emprego para recoller as bases do proceso de selección.

b) Sistema de selección de candidatos:

Unha vez remitidos ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos preseleccionados para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, a Comisión de Selección, constituída ao efecto, nos termos do previsto nestas bases, procederá a selección definitiva dos mesmos, co obxecto de elixir ao persoal que deba ser obxecto de incorporación.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego





Concello de Arbo

para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Arbo ou ben a través da sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal/>), no prazo máximo de tres días hábiles dende o día seguinte a comparecencia no Concello e entrega aos candidatos das presentes bases de selección.

Unha vez presentada a documentación reunirse a comisión de selección para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 2 días hábiles para emenda de documentación.

a) Situación persoal: De conformidade coa Orde 9 de xaneiro de 2023, terase en conta no proceso de selección os seguintes aspectos. A puntuación máxima neste apartado será de **7 puntos**.

1) Existencia de responsabilidades familiares, 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental. Máximo **2 puntos**.

Entendéndose por estar a cargo da persoa candidata o/a cónxuxe, parella que leve convivindo máis de 5 anos, fillos e fillas menores de vinte e seis anos, ou fillos maiores con discapacidade, ou menores en acollemento, que non perciban ningún tipo de ingreso.

As circunstancias incluídas neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, volante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación de algún Organismo Público que acredite a existencia destas responsabilidades, acompañada da declaración xurada, ademais a discapacidade deberá xustificarse achegando fotocopia do certificado que acredite a incapacidade. Tódolos documentos e informes deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

A falta de ingresos das persoas maiores de idade a cargo xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto





Concello de Arbo

Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada.

2) Menores de 30 anos: **2 puntos.**

3) Nivel de protección por desemprego: a situación de desemprego nos últimos 2 anos, a razón de 0.042 por cada mes de desemprego (días da vida laboral segundo a xornada dividido por 30 e multiplicando o número enteiro sen decimais por 0.042), dende o 01/05/21 ata o 30/04/23 ata un máximo de 1 punto.

As circunstancias incluídas neste apartado deberán xustificarse achegando informe de períodos de inscrición de desemprego emitido polo Servizo Galego de Colocación.

4) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego: **1 puntos**

A falta de ingresos das persoas xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada

5) Desempregados maiores de 45 anos: **0,5 puntos.**

6) Mulleres: **0,30 puntos.**

7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarias de RISGA: **0,10 puntos.**

8) Condición de discapacidade superior ou igual ao 33% e que non impida a realización das tarefas a desenvolver no posto: **0,10 puntos.** A acreditación de que a discapacidade non lle impide a realización das tarefas a desenvolver no posto realizarase con informe ou certificado médico.

b) Formación: A puntuación máxima neste apartado será de **2 puntos.** Valoraranse os cursos impartidos por calquera organismo oficial competente relacionados coa praza á que aspira:





Concello de Arbo

- o Cursos ou xornadas nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada
- o Cursos ata 25 horas: 0,10 puntos por curso
- o Cursos de 26 a 50 horas: 0,20 puntos por curso
- o Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso
- o Cursos de máis de 100 horas: 0.50 puntos por curso

A formación profesional acreditarase mediante os correspondentes certificados ou diplomas de asistencia ou aproveitamento expedidos polos organismos oficiais que impartan os referidos cursos.

c) Acreditación do grado de coñecemento de Galego:

- 1) Curso de lingua galega 2 ou CELGA 2 (validable por EXB): 0.25 puntos.
- 2) Curso de lingua galega 3 ou CELGA 3 (validable por ESO ou FPI) : 0.50 puntos
- 3) Curso de lingua galega 4 ou CELGA 4 (validable por BUP ou FPII) : 1 punto.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

Quinta.- Resolución de empates:

En caso de empate a puntos, seleccionárase o candidato que teña maior número de puntos seguindo a orde dos criterios da situación persoal ata desempatar.





Concello de Arbo

A renuncia dun candidato/a a un posto, debe ser por escrito e pasa a ser seleccionado o seguinte candidato con maior puntuación presentado. No anuncio de selección farase constar a lista de agarda.

Tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais. O/a traballador/a seleccionada deberá compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación.

Non obstante o establecido nas presentes bases, os resultados da selección e a posterior contratación deberán axustarse o establecido nos artigos 14 e 15 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (D.O.G núm. 22 do 1 de febreiro de 2023)

Sexta .- Comisión de Selección:

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dona Maria del Mar Sousa Alfaya, Traballadora Social do Concello.

Vogais: Don José Méndez Castro, Encargado pavillón Deportes do Concello.

Dona Trinidad Núñez Núñez, Encargada Punto Limpo do Concello

Don Manuel Caldas Pérez, Auxiliar Administrativo do Concello.

Secretaria: Dona Sandra Álvarez Pérez, Auxiliar Administrativa do Concello , que actuará con voz pero sen voto.

A Comisión resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que se poidan producir na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan producir na aplicación desta bases, así como as que se susciten durante o desenvolvemento do proceso selectivo, podendo adoptar as medidas necesarias para a súa adecuada materialización.

De cada sesión a secretaria da Comisión levantará acta que asinarán todos os membros da mesma, podendo facer constar na mesma as discrepancias ou distintas posturas manifestadas polos membros da





Concello de Arbo

comisión de selección, así como calquera outra circunstancia que consideren relevante.

A reunión da comisión de selección poderá celebrarse de forma virtual a través da ferramenta habilitada ao efecto.

Sétima.- Proposta de selección:

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente da Comisión formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Alcaldía, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados.

A Comisión configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da Orde de convocatoria, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo

Oitava.- Resolución e contratación:

Á vista da proposta do Presidente da Comisión, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. Alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral de duración temporal, na modalidade contractual de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral”, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Novena.- Réxime Xurídico:





Concello de Arbo

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na Orde do 9 de xaneiro de 2023 (D.O.G núm. 22 do 1 de febreiro de 2023) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes e texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Décima.- Incidencias:

A Comisión de Selección queda autorizada para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décima Primeira.- Impugnación:

Os/as interesados/as poderán impugnala presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

En Arbo. O alcalde do Concello de Arbo. Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital á marxe.*

